

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALEGA PARA A ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS ENFERMOS E FAMILIARES.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra: Don _____ con D.N.I. _____, presidente da Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade, con N.I.F. G70021571, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

1. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

3. Estas persoas adoitan vivir coa súa familia, precisando os familiares dun apoio multidisciplinar dende o ámbito da atención primaria de saúde. Que no ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

4. Que a Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos de Personalidade ten como obxectivos básicos facilitar axuda ás familias que teñen este problema, procurar un maior coñecemento por parte da sociedade sobre estes trastornos, e incidir ante as administracións para que se faciliten os centros asistenciais con persoal especializado para este problema de saúde, e favorezan posibilidades de integración social. Ademais dita asociación conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

A Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

5. Que ámbalas dúas partes teñen finalidades coincidentes e, por iso, consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas aos efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares, promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a

importancia real que ten o problema de saúde, e a través do desenvolvemento de programas psicoeducativos específicos.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coa asociación.
 2. Adestramento dos profesionais no desenvolvemento dos programas acordados.
 3. Programas de formación e apoio dos familiares.
 4. Desenvolvemento de programas psicoeducativos para pacientes.
 5. Difusión social dos trastornos de personalidade que eviten a estigmatización destes doentes.
 6. Mellorar o coñecemento sobre os aspectos clínico asistenciais e necesidades das persoas con trastornos de personalidade no ámbito da saúde e educativo, participando nas actividades formativas incluídas nos planes anuais de formación do servizo galego de saúde.
- No desenvolvemento da súa actividade colaborarase cos servizos de saúde, e en especial cos servizos de atención ao trastorno mental, para coordinar de xeito eficaz todas as actuacións realizadas. Os usuarios dos seus servizos serán informados de xeito personalizado de tódolos recursos propios e alleos que contén con programas de tratamento individualizado que atenda as súas circunstancias clínicas e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Segunda. A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 10% da contía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. Asimesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Terceira. A Asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a- Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b- Remitir con periodicidade trimestral unha memoria na que se faga constar:

1. Número de Actividades de formación continua realizadas polos profesionais que traballan ou colaboran coa asociación: Asistencia a Cursos, Congresos, Xornadas ou Seminarios:
 - Organizados pola propia asociación: data, denominación, programa, número de asistentes, localidade, ámbito, profesionais aos que vai dirixido, poñente/s e número de asistentes.
 - Non organizados pola asociación: número de profesionais bolseiros, listaxe de congresos asistidos (data, denominación, localidade, ámbito, ...).
 - Grado de participación dos profesionais en cada unha das anteriores actividades (docente, oínte)

2. Número e tipo de actividades de difusión e sensibilización da poboación xeral respecto aos trastornos de personalidade: cuñas de radio, mantemento e actualización da páxina web (número de visitas), redes sociais activas, publicacións de dípticos, folletos, guías, ... (achegando a/as publicación/s), xornadas de sensibilización (data, lugar celebración, número de asistentes, duración...), charlas divulgativas, publicacións periódicas realizadas.
3. Número de persoas atendidas e de intervencións realizadas nos programas de apoio, asesoramento e psicoeducativo (desagregado por xénero).
4. Número e breve descrición de actividades e programas dirixidos a colectivos de maior vulnerabilidade (en especial menores e mulleres).
5. Número de reunións de coordinación con outros servizos

Cuarta. Para o cumprimento do convenio o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa achegar a cantidade de trinta e cinco mil trescentos cincuenta e tres euros (**35.353,00 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.15**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

Quinta. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Sexta. A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aportando por parte da asociación:

- a) Solicitude de pago anticipado
- b) Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio
- c) Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.
- d) Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento de obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no Anexo 3

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordeada e detallada dos mesmos.

A data límite e improrrogable para presentación da documentación para os pagos parciais é o 15 de outubro de 2019.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadándose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Sétima. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes.
 - b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. A xustificación de gastos deberá presentarse con anterioridade ao **1 de decembro de 2019**. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.
 2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).
 4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
 5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
 6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
 7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada

Oitava. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados **dende o 1 de decembro do ano 2018 ata o 30 de novembro do 2019**, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social e IRPF.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das cuantías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

Novena. Con data límite do **15 de xaneiro de 2020**, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.

Décima. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a presidenta do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo terceira. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Asociación Galega para a asistencia e investigación dos Trastornos da personalidade que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo quinta. A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle toda documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sexta. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o **31 de decembro de 2019.**

Décimo sétima. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes este convenio en triplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Asociación galega para a asistencia e investigación
dos trastornos da personalidade

Jesús Vázquez Almuiña

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDEADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Datos básicos da entidade, organigrama, situación e horario de atención ao público.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Balance de ingresos e gastos da Asociación.
4. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
5. Descrición das actividades indicando:
 - Número de Actividades de formación continua realizadas polos profesionais que traballan ou colaboran coa asociación:
 - Organizados pola propia asociación: data, denominación, programa, número de asistentes, localidade, ámbito, profesionais aos que vai dirixido, poñente/s e número de asistentes.
 - Non organizados pola asociación: número de profesionais bolseiros, listaxe de congresos asistidos (data, denominación, localidade, ámbito, ...).
 - Grado de participación dos profesionais en cada unha das anteriores actividades (docente, oínte)
 - Número e tipo de actividades de difusión e sensibilización da poboación xeral respecto aos trastornos de personalidade: cuñas de radio, mantemento e actualización da páxina web (número de visitas), redes sociais activas, publicacións de dípticos, folletos, guías, ... (achegando a/as publicación/s), xornadas de sensibilización (data, lugar celebración, número de asistentes, duración...), charlas divulgativas, publicacións periódicas realizadas.
 - Número de persoas atendidas e de intervencións realizadas nos programas de apoio, asesoramento e psicoeducativo (desagregado por xénero).
 - Número de reunións de coordinación con outros servizos
6. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
7. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

ANEXO 3 : DECLARACION RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE						
RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO	NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	MUNICIPIO			LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).						
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)						
NOME/RAZON SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
EN CALIDADE DE						
DATOS BANCARIOS						
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.						
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)		
				IBAN		
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:						
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:						
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.						
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:						
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA			
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.						
2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Asimesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.						
3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.						
4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.						
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE						
Lugar e data						
	,	de		de		

